

Marcha Cicloturista a Bergantiños

REGULAMENTO PARTICULAR

PARTICIPACIÓN

O Club Ciclista Carballo **PLACASA**, en colaboración co Concello de Carballo e contando coa aprobación da Federación Galega de Ciclismo, organiza a marcha cicloturista de estrada denominada "**Marcha Cicloturista a Bergantiños**". Esta marcha será controlada, con un tramo libre e de carácter non competitivo estando aberta á participación de todos os deportistas maiores de 15 anos en posesión de licencia, ben sexa esta anual ou de un día.

Os deportistas con licencia de un so día e menores de idade deberán acompañar ó boletín de inscrición unha autorización asinada polo seu pai, nai ou titor legal para poder participar.

LUGAR E DATA

A marcha comezará ás 10:00 horas do 06 de outubro de 2013 saíndo do Pavillón da Rúa Vila de Noia, onde estará ubicada a Oficina Permanente e o Parque Pechado desde dúas horas antes. A organización porá á disposición dos participantes servizos e duchas (no pavillón polideportivo da Rúa Vila de Noia) así como aparcamento para os seus vehículos.

SEGURIDADE

A organización da marcha contará con motos de enlace, vehículos de apoio, protección civil, Garda civil de Tráfico e ambulancias.

OBSEQUIOS

Ó remate da proba farase entrega de obsequios e recordos a:

- Ó participante de maior idade.
- Á participante de maior idade.
- Ó participante de menor idade.
- Á participante de menor idade.
- Ó/á participante residente en Carballo de maior idade.



Marcha Cicloturista a Bergantiños

- Ó/á participante residente en Carballo de menor idade.
- Ó Club máis numeroso.
- Ó Club máis lonxano.

Caso de que un participante tivera dereito a nivel individual a dous obsequios concederáselle o que figure en primeiro lugar dos citados, otorgándosele o segundo obsequio ó/á participante que lle siga na categoría.

Para que un Club teña dereito a un destes recordos ten que contar con licencia federativa e participar cun mínimo de catro ciclistas.

O Club Ciclista Carballo PLACASA, como club organizador, non terá dereito a recibir ningún dos obsequios mencionados.

PERCORRIDO

Considerase de unha dureza media e conta cun percorrido total aproximado de 78 quilómetros. O tempo estimado, incluíndo dúas reagrupacións durante o percorrido con avituaiamento, é de 3 horas e 25 minutos, polo que o remate está previsto para as 13:30 horas.

INSCRICIÓNS E TAXAS

As inscricións poderanse facer electrónica ou persoalmente para inscricións realizadas o mesmo día da proba, para os que posúa licencia federativa. É imprescindible facer antes a aportación económica que corresponda para que a inscrición sexa efectiva.

A inscrición electrónica pódese facer directamente desde a páxina web do Club Ciclista Carballo - PLACASA ou ben enviando unha mensaxe electrónica a cccarballo@cccarballo.com na que figuren os seguintes datos do participante:

- Nome*
- D.N.I. *
- Data Nacemento
- Lugar de residencia
- Nome do Club ou Peña
- Teléfonos de contacto
- Enderezo electrónico
- Data de ingreso da aportación*

Os teléfonos de contacto usaríanse tan só en caso de accidente e o enderezo electrónico para



Marcha Cicloturista a Bergantiños

solucionar posibles dúbidas da inscrición. Se non se consignan os demais datos non se poderá optar a ningún dos recordos indicados no apartado "Obsequios".

En ambos casos a aportación económica realizarase na conta de la Caixa

0133 6235 59 4200000618

facéndose constar no apartado "Concepto" a palabra Marcha Cicloturista seguida do nome do participante.

O listado dos validamente inscritos irase facendo público na páxina web do club, actualizándose periodicamente.

Estas modalidades de inscrición rematan o xoves día 03 de outubro ás 24:00 horas, non admitíndose ningunha inscrición pasado ese prazo. De xeito extraordinario o mesmo día da marcha, e ata media hora antes da saída, admitiranse novas inscricións só para aqueles ciclistas que dispoñan de licenzia federativa anual.

O cupo de participantes establécese en 250. Se se acadara ese número antes da data fixada darase por pechada a inscrición comunicándose esta circunstancia na páxina web.

A entrega de dorsais farase o día da marcha desde as 08:30 ás 09:30 horas. Para a retirada de dorsais os ciclistas con licenzia federativa, tanto os inscritos no prazo normal como os que o fagan de xeito extraordinario o día da marcha, deberán presentala para a súa verificación. Os que non dispoñan de licenzia, e que non se poderán inscribir rematado prazo antes indicado, deberán amosar o seu D.N.I. De ser necesario tamén se poderá solicitar copia do documento de ingreso da aportación que corresponda.

O importe a abonar para participar na marcha será de seis euros (6 €). Esta cantidade incrementárase en doce euros (12 €) para os que precisen obter licenzia dun día, sendo por tanto o importe total para estes de dezoito euros (18 €). Os inscritos o mesmo día da marcha terán unha penalización de catro euros (4 €), polo que a cantidade a abonar sería de dez euros (10 €).

O finalizar a proba haberá pinchos para todos os participantes.



Marcha Cicloturista a Bergantiños

EQUIPAMIENTO MINIMO

Os participantes deberán ser autosuficientes durante a marcha e disporán do seguinte equipamento mínimo obrigatorio:

- Casco homologado.
- Bicicleta en bo estado.
- Auga.
- Cámara e ferramentas básicas.

FIXACION DO DORSAL

A cada participante entegaráselle un dorsal con imperdibles.

NORMAS DE CIRCULACIÓN

A marcha será neutralizada con tramo libre na subida de Ponteceso a Brantuas

Co fin de garantir a seguridade de todos os participantes, e a criterio da organización, faranse tantos reagrupamentos como fagan falta.

En todo momento serase respectuoso co medioambiente. Nas paradas intermedias de avituaiamento e ó final da marcha haberá contenedores para recoller o lixo.

A organización contará con servizo sanitario que terá competencia para impedir a continuación na marcha a calquera participante que considere non capacitado.

A organización non se fai responsable de ningún accidente do que puidera ser causa ou vítima o participante, sendo éste o único responsable dos seus actos durante o transcurso da marcha. Tampouco se responsabilizará á organización dos gastos ou débedas que puideran contraer os participantes durante a proba, nin dos extravíos ou avarías que puideran sufrir as bicicletas ou calquera outro equipamento persoal.

Por causas de forza maior a organización reservase o dereito a cambiar a ruta prevista en calquera momento.

A inscrición na marcha implica a aceptación total de todo o reseñado neste regulamento.

